



Teresa López Fernández, vicerreitora de Profesorado e presidenta da Comisión de Reclamacións de prazas de PDI interino e laboral contratado da Universidade da Coruña,

FAGO CONSTAR:

Que a Comisión de Reclamacións de prazas de PDI interino e laboral contratado reunida o día 4 de xullo de 2024, tomou o seguinte acordo en relación coa reclamación presentada na praza que se relaciona a continuación,

Praza: 22/9007

Categoría: Axudante Doutor/a

Área de Coñecemento: Educación Física e Deportiva

Departamento: Educación Física e Deportiva

Docencia: 620G01020 Habilidades de Loita e a súa Didáctica

Centro: Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física

Tras analizar a reclamación presentada por D^a Yolanda Escalante González, a documentación presentada polas persoas candidatas, e os informes emitidos pola Comisión de selección da praza 22/9007, a Comisión de Reclamacións considera que:

- os criterios de avaliación aprobados pola Comisión de Selección con data 6 de febreiro de 2024 inclúen criterios específicos adicionais aos recollidos no Anexo I da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado, aprobado por acordo do Consello de goberno de 30/04/2014 (en adiante, a Normativa), posibilidade contemplada expresamente na Normativa e no propio Anexo I
- os criterios específicos e as ponderacións establecidas polas comisións poden ter en conta a adecuación dos méritos presentados polas persoas candidatas ao perfil da praza (punto 7.5 da Normativa)
- as ponderacións establecidas pola comisión de selección deben gardar unha proporcionalidade razoable entre os méritos asociados ao perfil da praza, os méritos na propia área de coñecemento e os méritos en áreas afíns

Por todo o anterior, a Comisión de Reclamacións

ACORDA

1. Retrotraer o procedemento ao momento de fixación dos criterios de valoración por parte da Comisión de selección para que no establecemento dos criterios específicos adicionais e das ponderacións se teña en conta unha proporcionalidade razoable entre a valoración dos méritos no perfil da praza, na área de coñecemento da praza obxecto de concurso e en áreas afíns.

2. Facer público este acordo.

A Coruña, asinado dixitalmente

Código Seguro De Verificación	JAoLqc6S0tcH19ZLmd97AQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	09/07/2024 13:44:44
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/JAoLqc6S0tcH19ZLmd97AQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

